



Unión Europea  
FEDER  
Invertimos en su futuro



**Cámara**

Santiago de Compostela

## A Cámara de Comercio de Santiago sensibiliza aos empresarios cunha xornada sobre a prevención e redución de residuos industriais non perigosos

Está dirixida a pemes dos sectores da construción, metal, industria alimentaria e téxtil

---

*Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2010.*- A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela ofrece esta tarde (19:30-21:00 horas) unha xornada sobre a *prevención e valorización de residuos industriais* no salón de actos da entidade cameral. Esta iniciativa conta co apoio da Unión Europea e enmárcase dentro do proxecto Red Genera, cofinanciado nun 75% por Fondos FEDER e o Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP). En representación da Cámara asistirá a súa secretaria xeral, **Filomena Casal**.

A xornada, de carácter gratuíto, contará coa asistencia de 50 empresarios de pemes dos sectores da construción, metal - mecánica, industria alimentaria e téxtil. Estará impartida pola directora de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible da consultoría Serviguide, **Carmen Fernández Gasalla**. Os asistentes ao seminario recibirán conceptos básicos sobre a orixe dos residuos non perigosos e a súa clasificación, ademais de información sobre as diversas estratexias para a redución e reutilización dos residuos.

Segundo Carmen Fernández, esta xornada ten como obxecto transmitir a problemática social relacionada coa política global de residuos xestionada pola Unión Europea. Céntrase principalmente na xestión de residuos non perigosos. Durante a hora e media de xornada a relatora tentará sensibilizar aos asistentes, tanto no cumprimento legal como no impulso da prevención e redución de residuos. “Hai que fixar prioridades á hora de reducir residuos, centrándose na cantidade e en pechar pautar para poñer en práctica” –indica Carmen Fernández.

Nesta problemática, Fernández Gasalla apunta que é preciso establecer estratexias para a redución e reutilización dos residuos. “En primeiro lugar, unha empresa debe propoñer un plan de actuación e, en caso de ser necesario, realizar unha declaración anual para a Consellería de Medio Ambiente en relación á cantidade de residuos xerados” –explica a relatora. Se se superan as dez toneladas de residuos perigosos ou de mil toneladas no caso dos non perigosos, as empresas presentarán ademais un plan de minimización para identificar os residuos e establecer unha guía de boas prácticas.